

Nun día aciago, martes 13, no instituto da Pobra do Caramiñal, unha rapaza chamada Xoana na clase de Pepe, profesor de matemáticas preguntalle por que tiña un ollo morado. Ela non é quen de responder e chora desconsoladamente. De súpeto, levántase e sae da aula e vai cara o baño. Alí atópase con Sabela, a súa mellor amiga. Esta pregúntalle que lle pasou.

Xoana entre saloucos comeza a súa historia. Na casa especialmente co seu pai ten discusións cotiás, porque el non aproba a relación que ten coa súa moza. Di que está enferma, que só o fai por moda, el dálle unha labazada, non dialoga, Sabela dille que debería pedir axuda e denunciar ao seu pai, e pásalle o número 016 e lémbrale que non deixa pegadas. Sabela volta á clase, Xoana foxe do instituto na procura da súa moza Ana, que traballa nunha ferraxaría, co fin de pedirlle axuda para ir ao xulgado e poñer unha denuncia contra o pai maltratador.

Xoana, cando chega a ferraxaría non atopa a súa moza, entón o encargado coméntalle que está en urxencias. Ela, preocupada, corre ata o hospital. Na administración pregunta onde se atopa Ana e dinlle que na habitación 113. Xoana sente que o seu corazón lle vai estoupar, ao traspasar o umbral da porta ve aos familiares de Ana saloucando desconsoladamente, e percátase de que morreu.

Descobre que o asasino fora seu pai e iso dálle valor para denunciálo ela tamén como maltratador.

Grupo de alumna e alumnos de 3º ESO C

